

Primaria

Lingua 3

Programación

Unidade 5

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Un conto para Nadal

Descrición da unidade

Esta unidade xira en torno ao Nadal. Comeza cun conto popular que servirá para introducir o tema e o campo semántico do apartado de Vocabulario. Ademais, proporciona exemplos para practicar os contidos gramaticais e ortográficos, e mesmo para o obradoiro de expresión. A sección dedicada a Literatura continúa coa descrición que se iniciara na unidade anterior; neste caso, trátase de describir obxectos. A dobre páxina de Cultura despídese con panxoliñas e con actividades competenciais centradas na elaboración dun cancionero.

Un dos principais obxectivos é que os alumnos vexan as súas novas aprendizaxes de maneira atractiva e motivadora, que gocen aprendendo.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren e reforcen os coñecementos seguintes:

- Comprensión do sentido xeral dun texto, oral ou escrito.
- Léxico referido ao fogar.
- Palabras comodín.
- Identificación dos morfemas de xénero e número dos nomes.
- Palabras con *c* e *z* e uso do dous puntos.
- Creación dunha postal de Nadal.
- Características dos textos que describen obxectos.
- Aspectos propios da nosa cultura.

Temporalización:

Decembro:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar correctamente o léxico referido ao fogar.
- Substituír as palabras comodín por termos máis precisos.
- Identificar o xénero de nomes dados e pasar algúns nomes de masculino a feminino.
- Identificar o número de nomes dados e pasar algúns nomes de singular a plural.
- Escribir correctamente palabras con *c* e con *z*.
- Utilizar correctamente os dous puntos.
- Saber describir un obxecto.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • Audición do texto da lectura e o do apartado «Escoito e falo» cunha actitude favorable. • Lectura e comprensión dun texto narrativo. • Adquisición de novo vocabulario referido ao fogar e identificación das palabras comodín. • Identificación dos morfemas de xénero e número dos nomes. • Palabras con c e z e uso dos dous puntos. • Creación dunha postal de Nadal. • Adquisición da técnica da descrición de obxectos. • Coñecemento dalgúns aspectos propios da nosa cultura: panxoliñas e cantares. 	1. escoitar textos orais en silencio, mostrando interese e respecto.	1.1. escoita textos orais atentamente.
	2. Ler un conto con fluidez e comprensión.	2.1. Le un conto con fluidez e corrección. 2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.
	3. Aumentar o vocabulario referido ao fogar e recoñecer as palabras comodín.	3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido ao fogar e palabras novas. 3.2. Utiliza termos precisos para evitar as palabras comodín.
	4. Introducir conceptos gramaticais básicos: o xénero e o número.	4.1. Coñece as formas de variación de xénero. 4.2. Coñece as formas de variación de número.
	5. Escribir correctamente palabras con z e z e coñecer as normas de uso dos dous puntos.	5.1. Escribe correctamente palabras con c e z. 5.2. Recoñece e aplica con corrección as normas de uso dos dous puntos.
	6. Escribir e confeccionar unha postal de Nadal.	6.1. Crea unha postal de Nadal a partir dun modelo dado.
	7. Redactar descrições de obxectos.	7.1. Recoñece e aplica a técnica de descrición de obxectos.
	8. Aprender algúns aspectos propios da nosa cultura.	8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos propios da nosa cultura.

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita textos orais atentamente.	<ul style="list-style-type: none"> • CD-Audio do LA.
2.1. Le un conto con fluidez e corrección.	<ul style="list-style-type: none"> • Suxestións metodolóxicas da PD. • Proposta de aprendizaxe cooperativa na PD.
2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Ficha de comprensión lectora dos RF. • Actividades propostas na PD. • Proposta de aprendizaxe cooperativa na PD.
3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido ao fogar e palabras novas.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas na PD.
3.2. Utiliza termos precisos para evitar as palabras comodín.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 1 de reforzo dos RF.
4.1. Coñece as formas de variación de xénero. 4.2. Coñece as formas de variación de número.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 2 de reforzo e actividade 1 de ampliación dos RF. • Actividades propostas na PD.
5.1. Escribe correctamente palabras con c e z.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 3 de reforzo e actividade 3 de ampliación dos RF. • Actividades propostas na PD. • CD-Audio do LA (ditado).
5.2. Recoñece e aplica con corrección as normas de uso dos dous puntos.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 4 de reforzo dos RF. • Actividades propostas na PD.

6.1. Crea unha postal de Nadal a partir dun modelo dado.	<ul style="list-style-type: none">• Selección de actividades do LA.• Actividades propostas na PD.
7.1. Recoñece e aplica a técnica de descrición de obxectos.	<ul style="list-style-type: none">• Selección de actividades do LA.• Actividade 5 de reforzo e actividade 2 de ampliación dos RF.• Actividades propostas na PD.
8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos propios da nosa cultura.	<ul style="list-style-type: none">• Selección de actividades do LA.• Proposta de aprendizaxe cooperativa na PD.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Ler, comprender e comentar textos.	Entende os textos propostos para a realización das actividades.
	Gozar coa lectura.	Desenvolve o interese cara á lectura como fonte de aprendizaxe e entretemento.
	Captar o sentido dos textos orais.	Garda silencio e desenvolve a atención necesaria para entender o sentido dun texto.
	Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.	Entende a importancia de respectar as normas gramaticais e ortográficas para unha mellor expresión.
	Expresarse oralmente e por escrito de maneira ordenada e clara.	Exprésase con corrección.
	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto.	Aplica as fórmulas características da comunicación epistolar na redacción dunha postal de Nadal.
	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Elabora creacións propias aplicando técnicas literarias.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Realizar argumentacións con esquemas lóxico-matemáticos.	Aplica o razoamento dedutivo.
<i>Competencia dixital.</i>	Utilizar canles de comunicación audiovisual para facilitar o traballo.	Utiliza as TIC como apoio para a aprendizaxe.
	Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.	Elabora textos propios a partir da información obtida en distintas fontes.
	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Interpreta información verbal e gráfica, así como mensaxes cifradas.
	Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.	Grava e reproduce cancións utilizando o aparato necesario.
<i>Aprender a aprender.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Manexa o dicionario e consulta información na Rede.

	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión dos contidos.	Mellora a capacidade de memorización mediante as cancións e o recitado de textos poéticos. Utiliza técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe.
	Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes.	Realiza actividades seguindo unhas pautas.
	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico, emocional e interdependente.	Desenvolve un pensamento propio e expresa os seus sentimentos e ideas.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolve as distintas intelixencias múltiples.	Desenvolve unha autoestima equilibrada. Expresa sentimentos e emocións e achega o mellor de si no traballo colaborativo.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Implícase activamente nos traballos de grupo.
	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Acepta e valora as achegas dos demais.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Valora a tolerancia cara a outras culturas, así como o compañeirismo na convivencia diaria e nos traballos de grupo e a perseveranza para conseguir os obxectivos propostos.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Mostra unha actitude responsable na realización das tarefas e interese por mellorar.
	Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.	Desenvolve a desinhibición necesaria para expresarse en voz alta e traballar en grupo, e esfórzase por superar as dificultades.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Coida a presentación dos seus traballos.
	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural.	Mostra interese e respecto polas tradicións.
	Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.	Respecta e mostra interese polas tradicións doutras culturas.

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: Comentario da lectura

- Escoitamos o conto no CD-Audio ou lémosllelo en voz alta aos alumnos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e dos RF.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD, de traballo cooperativo.

Tarefa 2: Vocabulario

- Aprendemos o léxico referido ao fogar no LA e co apoio do dicionario.
- Traballamos as palabras comodín e os mecanismos para evitar o seu uso.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coa ficha de reforzo dos RF.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD (na primeira dobre páxina), de traballo cooperativo.

Tarefa 3: Gramática

- Aprendemos o xénero e o número dos nomes no LA.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas e actividades da PD, e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 4: Ortografía

- Aprendemos no LA o uso de c e z e o uso dos dous puntos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Escoitamos o ditado no CD-Audio.
- Completamos con suxestións metodolóxicas e actividades da PD, e coas fichas de reforzo e de ampliación dos RF.

Tarefa 5: Expresión

- Aprendemos no LA a confeccionar unha postal de Nadal.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD.

Tarefa 6: Literatura

- Aprendemos no LA a técnica de descrición de obxectos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coa ficha de ampliación dos RF.

Tarefa 7: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA e do LD.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.
- Completamos con actividades da PD.

Tarefa 8: A nosa cultura

- Aprendemos aspectos da nosa cultura no LA.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD, de traballo cooperativo.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Deberán reforzarse as habilidades de comprensión lectora e expresión escrita, así como a recitación e a expresión oral a través de múltiples textos, de panxoliñas e outros cantares de Nadal.
- Pódese aproveitar a lectura para falar sobre as vivencias persoais do Nadal e para fomentar a curiosidade do alumnado por coñecer como se celebra noutras culturas.
- Como sempre, cómpre fixar hábitos de traballo e habituar aos escolares ao manexo correcto do dicionario.
- Sería interesante que aqueles alumnos e alumnas que tocan algún instrumento musical o leven á clase e acompañen as panxoliñas. Se ninguén sabe, utilizaranse instrumentos sinxelos, como pandeiretas, campaiñas, triángulos, zambomba, etc.
- E como remate do trimestre, convén revisar os contidos que se estudaron desde o comezo do curso. Para iso, ao final da unidade ofrécese unha dobre páxina con actividades que serven de repaso para o aprendido.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua:

- O CD-Audio que acompaña o libro do alumno.
- Dicionario de lingua (*Dicionario Xerais de Primaria*).
- Caderno complementario ao libro do alumno.
- Cadernos de ortografía e murais ortográficos.
- A caixa dos contos.
- Recursos fotocopiáveis da Proposta didáctica.
- Bibliografía:
 - Antonio Reigosa: *Trece noites, trece lúas. Libro das marabillas do Nadal*, Edicións Xerais.
 - Charles Dickens: *Conto de Nadal*, Ed. Vicens Vives.
 - Fina Casalderrey: *Derradeira carta aos Reis Magos*, Edicións Xerais, col. Merlín.
 - Miguel Vázquez Freire: *Contos de Reis e de Nadal*, Edicións Xerais, col. Merlín.
 - Oscar Wilde: *O xigante egoísta e outros contos*, Ed. Vicens Vives.
 - Pemón Bouzas: *A estrela de Oriente. Unha historia dos Reis Magos*, Edicións Xerais.
 - Xoán G.: *O Apalpador*, Ed. Biblos.
 - Xosé Antonio Perozo: *Noite de Reis en Kalpankalá*, Ed. Everest-Galicia, col. Montaña encantada.

Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña á Proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- Información de interese:
 - <http://www.coordinadoraendl.org/nadal2011/recursos/index.php?ancho=1680&alto=1050> (monográfico sobre o Nadal)
 - <http://www.apalpador.com> (sitio web do Apalpador)
 - <http://nadal.galiciadigital.com> (Nadal en Galicia)
 - http://galicia.swred.com/nadal_en_galicia.htm (tradicións de Nadal)
 - http://www.edu.coruna.es/layout/set/impresion/recursos/monograficos/o_nadal/recursos_educativos_e_ligazons_de_interese (recursos para traballar o Nadal)
 - <http://www.culturagalega.org/especiais/relato/nadal.swf> (conto «O Nadal de Bruñelo», de Rosa Aneiros)

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Proba de avaliación da unidade.
- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Avaliación do traballo competencial.
- Avaliación da programación didáctica (véxase o modelo na introdución).

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades advirto no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?

- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?